

## **COMPOSICIÓN DE TEXTO (tema de tipo histórico)**

### **OPCIÓN 1**

*A rebelión militar do 18 de xullo de 1936 foi o punto culminante dunha confrontación que xa se viña producindo desde a mesma proclamación da República en 1931. Mentres no Doc.1 o xeneral Franco expón as razóns dos sublevados, no Doc.2 o presidente das Cortes defende a lexitimidade da República. O teu comentario debe centrarse nos asuntos máis conflitivos que motivan a insurrección e que foran unha constante nos cinco anos anteriores, prestando atención aos intereses defendidos por cada parte e ás forzas sociais e políticas que apoian a cada bando.*

#### **Doc.1.-Alocución radiada do xeneral Franco (18 de xullo de 1936), na que xustifica a rebelión contra e República:**

“A situación de España é cada día máis crítica; a anarquía reina na maioría dos seus campos e vilas; autoridades de sona gobernativa presiden, cando non fomentan, as revoltas; a tiro de pistola e metralladoras dirímense as diferenzas entre os cidadáns (...), sen que os poderes públicos impoñan a paz e a xustiza. Folgas revolucionarias de toda clase paralizan a vida da Nación (...). Os monumentos e tesouros artísticos son obxecto do máis asañado ataque das hordas revolucionarias, obedecendo a consigna que reciben das directivas estranxeiras, coa complicidade e negligencia dos gobernadores (...).

Ao espírito revolucionario e inconsciente das masas, enganadas e explotadas polos axentes soviéticos (...), únese a negligencia de autoridades de todas clases (...).

A Constitución, por todos suspendida e vulnerada, sofre unha eclipse total: nin igualdade ante a lei, nin liberdade (...), nin unidade da patria, ameazada pola esgazadura territorial (...). ¿É que podemos abandonar a España aos inimigos da patria, con proceder covarde e traidor, entregándoa sen loita e sen resistencia? ¡Iso non! Que o fagan os traidores, pero non quen xuramos defendela”.

#### **Doc.2.-O día 2 de agosto de 1936, o presidente das Cortes republicanas, Diego Martínez Barrio, enxuíza así a insurrección militar:**

“Os xenerais e oficiais que se lanzaron en armas fixérono contra o Estado español, representado por un Presidente da República, nomeado legalmente, e coa asistencia e aínda co voto de deputados de todos os partidos; por unha Cámara lexítima elixida sen tacha, durante o mando dun goberno adversario, duns partidos que resultaron triunfantes nas eleccións, e por un poder executivo constitucionalmente designado (...).

Certo é que o Estado e os seus poderes lexítimos atópanse asistidos co máis desinteresado dos concursos das clases obreiras, representadas polos seus sindicatos e partidos. Así, o Socialista como o Comunista, así a CNT como a UGT, así a Federación de Grupos Libertarios como o Partido Sindicalista (...). Pero detrás do Estado atópanse tamén en liña de combate os partidos republicanos que contribuíron á instauración do réxime en abril de 1931 (...), as clases comerciais, industriais e agrícolas do país (...), o pobo español (...).

Toda rebelión descansa sobre un suposto de falsidade: o de aparentar creer que a gobernación do país está secuestrada por poderes ilexítimos e que o triunfo do Estado se traduciría na implantación dun réxime político comunista (...).

¿Por que o fixeron? ¿Por que o fixeron? Simplemente se trata de substituír a vontade xeral do pobo enteiro pola dunha clase social desexosa de perpetuar os seus privilexios. Nin amor a España, nin desacougo polo corpo da Patria, nin temores polo seu desmembramento, nin desasosego polo desenvolvemento da súa economía (...).”.

## **COMPOSICIÓN DE TEXTO (tema de tipo histórico)**

### **OPCIÓN 2**

*Os seguintes textos deben permitirche facer unha redacción sobre o movemento obreiro en España desde as súas orixes ata a crise da Restauración. Estructurando libremente a túa composición á luz dos documentos, e tendo en conta a súa contextualización, debes atender cando menos aos seguintes aspectos: razóns e reivindicacións obreiras, formas de organización e loita, e caracterización ideolóxica das principais organizacións obreiras.*

**Doc.1.-A destrución das máquinas. O exemplo da Fábrica de Tabacos da Coruña recollido en *El País*. *Diario de Pontevedra* (13 de decembro de 1857):**

“O luns 7 do actual houbo un pronunciamento de mulleres na fábrica da Palloza desta cidade (A Coruña). Parece que no canto dos cigarros que antes se facían nesta fábrica, están agora ensaiando a construción doutros de diferente feitura e (...) crearon un taller de pitos cunha máquina para picar o tabaco. Como ambas as operacións son novas, non se prestan nin acomodan a elas as cigarreiras, porque non saben facelos, tardando tanto en elaboralos que apenas sacan a terceira parte do xornal que adoitaban (...). Alporizáronse aquelas catro mil mulleres, arremetendo contra os xefes e empregados do establecemento, destruindo todo o tabaco (...), racharon e fixeron anacos as máquinas novas (...), tirándoas ao mar, o mesmo que os mobles, papeis, libros de caixa e efectos que atoparon nos cuartos do director”.

**Doc.2.-En setembro de 1855, *El Eco de la Clase Obrera* publicaba a seguinte petición ás Cortes:**

“Señores Deputados das Cortes Constituíntes:

Hai anos que a nosa clase vai camiñando cara á súa ruína. Os salarios minguan. O prezo dos comestibles e dos cuartos é máis alto. As crises industriais sucédense. Temos que (...) mandar ao taller as nosas donas con prexuízo da educación dos nosos fillos, sacrificar a estes mesmos fillos a un traballo prematuro.

É xa gravísimo o mal, urxe o remedio, e agardámolo de vosoutros. Non pretendemos que ataquedes a liberdade do individuo, porque é sagrada e inviolable; nin que matedes a concorrència, porque é a vida das artes; nin que carguedes sobre o Estado a obriga de socorrernos, porque coñecemos os apuros do Tesouro. Pedímosvos unicamente o libre exercicio dun dereito: do dereito de ASOCIARNOS.

Hoxe concédesenos só para favorecer nos casos de enfermidade ou de falta de traballo; concédasenos en adiante para opoñernos ás desmedidas esixencias dos donos dos talleres, establecer de acordo con eles tarifas de salarios, procurarnos os artigos de primeira necesidade a baixo prezo, organizar o ensino profesional e fomentar o desenvolvemento da nosa intelixencia, atender a todos os nosos intereses”.

**Doc.3.-Neste artigo publicado en setembro de 1872 en *La Defensa de la Sociedad*, advírtese do perigo que para a orde establecida supón a Asociación Internacional de Traballadores (AIT):**

“Proba en verdade que atinxe a reis e pobos, a sacerdotes e profanos, ao cidadán humilde e ao elevado magnate, á relixión, á moral, á propiedade, ao traballo; á autoridade, á liberdade, á paz pública; á patria, á familia, á seguridade persoal; á orde, ao goberno, á economía política; e en fin, a todas as entrañas da vida da humanidade. ¡Tremendo retroceso habería sufrir esta se en tal proba saisen vencidos os principios tutelares da súa existencia e desenvolvemento!

E vencidos saírían se os ánimos rectos, se os homes dos que os seus intereses morais e materiais están ameazados, se as clases lexítimas cegamente combatidas, non abrisen a tempo os ollos para ver e evitar o abismo ao que empurra á sociedade enteira esa tempestade de erros (...), políglota e cosmopolita, que se titula a Asociación Internacional”.

**Doc.4.-En marzo de 1917, este Manifesto conxunto da UGT e a CNT propón a folga xeral, que sería definitivamente convocada en agosto:**

“O proletariado organizado chegou así ao convencemento da necesidade da unificación das súas forzas nunha loita común contra os amparadores da explotación erixida en sistema de goberno. E respondendo a este convencemento, os representantes da *Unión General de Trabajadores* e os da *Confederación Nacional del Trabajo* acordaron por unanimidade: Primeiro: (...) co fin de obrigar ás clases dominantes a aqueles cambios fundamentais de sistema que garantan ao pobo o mínimo das condicións decorosas de vida e de desenvolvemento das súas actividades emancipadoras, imponse que o proletariado empregue a folga xeral, sen prazo definido de terminación, como a arma máis poderosa que posúe para reivindicar os seus dereitos”.

## **COMPOSICIÓN DE TEXTO (tema de tipo histórico)**

### **OPCIÓN 1**

*Os documentos seguintes, aos que debes referirte na túa exposición, tratan sobre a Guerra Civil. Iniciada coa sublevación de xullo de 1936, o conflito será presentado en termos ideolóxicos como unha loita antifascista (Doc. 1) ou anticomunista (Docs. 2 e 7), segundo o bando de que se trate. A impotencia do Comité de Non Intervención fixo que a participación estranxeira (Doc. 2) fose esencial no desenvolvemento do conflito. A evolución política das dúas zonas foi distinta: mentres as disensións e a división foron permanentes entre as forzas republicanas (Docs. 3, 4 e 5), na España “nacional” instaurouse un réxime de partido único (Doc. 6), concentrándose os poderes na persoa de Franco, a quen a vitoria na guerra (Doc. 7) lle permitirá perpetuarse no poder.*

#### **Doc. 1.-Dolores Ibarruri, *Pasionaria*, chama á resistencia no seu discurso do 19 de xullo de 1936:**

“Traballadores, antifascistas, pobo laborioso: todos en pé para defender a República, as liberdades populares e as conquistas democráticas do pobo (...). Todo o país vibra de emoción ante eses desalmados que queren polo fogo e o terror sumir á España democrática e popular nun inferno (...). Pero non pasarán; España enteira está en pé de loita (...). ¡Viva a Fronte Popular! ¡Viva a unión de todos os antifascistas! ¡Viva a República do pobo!”

#### **Doc. 2.-Galeazzo Ciano, ministro italiano de Asuntos Exteriores, informa así da situación en España:**

“En España xa se formaron dúas fronteas. Cunha están alemáns e italianos; con outra franceses, belgas e rusos. O Duce está de acordo con Hitler en opinar que a determinación das dúas fronteas é xa un feito consumado. Italia apoiou e segue a apoiar aos españois sen condicións (...). A nosa acción en España é unha proba efectiva da nosa participación na loita antibolxevique”.

#### **Doc. 3.-Boletín informativo da CNT-FAI, xaneiro de 1937:**

“Que quede ben entendido que non estamos a loitar pola República democrática. Estamos a loitar polo triunfo da revolución proletaria. A revolución e a guerra son inseparables. Todo o que se diga en sentido contrario é contrarrevolución reformista”.

#### **Doc. 4.-Postura defendida en *Mundo Obrero*, órgano de expresión do PCE, marzo de 1937:**

“¿De que nos acusan os camaradas da CNT? Segundo eles, afastámonos do camiño do marxismo revolucionario. ¿Por que? Porque defendemos a República democrática (...). Unha República democrática e parlamentaria dun contido social como non existiu endexamais”.

#### **Doc. 5.-Discurso de Largo Caballero, presidente do Goberno e secretario xeral da UGT:**

“Primeiro debemos gañar a guerra e despois xa poderemos falar de revolución”.

#### **Doc. 6.-O 20 de abril de 1937, Francisco Franco, Xefe do Estado e Xeneralísimo das forzas nacionais, asina o Decreto de Unificación:**

“Art. 1. *Falange Española* e Requetés, cos seus actuais servizos e elementos, intégranse, baixo a Miña Xefatura, nunha soa entidade política de carácter nacional que, de momento, se denominará *Falange Tradicionalista y de las JONS*.

Esta organización, intermedia entre a Sociedade e o Estado, ten a misión principal de comunicar ao Estado o alento do pobo e de levar a este o pensamento daquel a través das virtudes político-morais, de servizo, xerarquía e irmandade (...).

Quedan disoltas as demais organizacións e partidos políticos”.

#### **Doc. 7.-Último parte de guerra:**

“No día de hoxe, cativo e desarmado o exército roxo, acadaron as tropas nacionais os seus últimos obxectivos militares. A guerra rematou.

Francisco Franco. Burgos, 1-IV-1939. Ano da Vitoria”.

## **COMPOSICIÓN DE TEXTO (tema de tipo histórico)**

### **OPCIÓN 2**

*Nos textos propostos deféndense tres sistemas políticos diferentes: absolutismo (Doc.1), liberalismo (Doc.2) e democracia (Doc.3). Debes contextualizar cada documento nun período concreto da historia de España e caracterizar cada un dos réximes nos seus aspectos esenciais, salientando as diferenzas en asuntos como a soberanía, a estrutura do poder ou os mecanismos de participación e representación.*

#### **Doc.1.-En 1814, á volta de Fernando VII a España, os partidarios do absolutismo asinan o coñecido como “Manifesto dos persas”:**

“A monarquía absoluta é unha obra da razón e da intelixencia: está subordinada á lei divina, á xustiza e ás regras fundamentais do Estado; foi establecida por dereito de conquista ou pola submisión voluntaria dos primeiros homes que escolleron aos seus reis. Así que o soberano absoluto non ten facultade de usar sen razón a súa autoridade (dereito que non quixo ter o mesmo Deus); por iso foi preciso que o poder soberano fose absoluto, para prescribir aos súbditos todo o que mira ao interese común, e obrigar á obediencia aos que se negan a ela (...).

Non podendo deixar de pechar este respectuoso Manifesto en canto permita a nosa representación e os nosos votos particulares coa protesta de que se estime sempre sen valor esa Constitución de Cádiz, e por non aprobada pola V. M. nin polas provincias (...) porque estimamos as leis fundamentais que contén de incalculables e transcendentales prexuízos”.

#### **Doc.2.-En 1845, Joaquín Francisco Pacheco, líder do Partido Moderado, defende o sufraxio restrinxido:**

“Distinguimos hoxe, señores, os dereitos políticos dos dereitos civís; e se estes os concedemos a todos os cidadáns, non así os primeiros, que non podemos outorgar senón aos que os han exercer ben (...).

O dereito electoral non será un dereito de todos, e as ínfimas clases de calquera país deberán estar privadas del pola razón sinxela de que non poderán exercelo convenientemente (...).

Tomouse por regra xeral como base para a concesión deste dereito o goce de certa renda ou o pagamento de determinada contribución. Este principio, señores, é racional e aceptable. A riqueza, ou por mellor dicir o benestar, a vida desafogada e fácil, en que o traballo material non é unha carga dura, non é a penosa ocupación de todos os momentos, e deixa espazo para as concepcións do espírito; ese benestar mediano (...), ese é o que debe tomarse como condición de capacidade política, porque é o que dá a intelixencia e a valía na orde social (...).

Quen gaña afanosamente o seu sustento nun traballo ímprobo e coa suor do seu rostro, quen non pode gozar algunha vez o digno descanso (...), quen está reducido a un escaso xornal (...), non pode pretender a consideración nin a estima política”.

#### **Doc.3.-O 19 de setembro de 1868, a Xunta Superior Revolucionaria dá a coñecer a seguinte proclama:**

“A Xunta Superior Revolucionaria, fiel á súa elevada orixe, fai a seguinte declaración de dereitos: Sufraxio universal. Liberdade de cultos. Liberdade de ensinanza. Liberdade de reunión e asociación pacíficas. Liberdade de imprenta (...). Descentralización administrativa que devolva a autoridade aos concellos e ás provincias. Xuízo de xurados en materia criminal (...). Inmobilidade xudicial”.

## CONVOCATORIA DE XUÑO

Dado que a proba consiste na composición dun texto, como criterio xeral de avaliación terase en conta a suxección ás pautas básicas que rexen a expresión escrita, esencialmente a precisión léxica, a corrección da sintaxe, a claridade na expresión e a coherencia na exposición das ideas.

En canto aos contidos concretos tratados na redacción, e referidos aos documentos presentados, deberían ser abordados os seguintes:

### OPCIÓN 1

-A rebelión de xullo de 1936, como produto dunha tensión que se agudiza durante o goberno da Fronte Popular.

-Os asuntos conflitivos que orixinan a insurrección.

-Intereses que se defenden e apoios cos que se conta en cada caso.

-Breve referencia á Guerra civil e á ditadura, como consecuencias da sublevación.

### OPCIÓN 2

-O movemento obreiro como manifestación da nova conflictividade social que o avance da industrialización propicia. Proletariado e burguesía industrial, como clases con intereses enfrontados.

-Un contexto político (liberalismo) en xeral hostil aos intereses e reivindicacións da clase obreira.

-As reivindicacións obreiras nos ámbitos sociolaboral (condicións de traballo, xornada, traballo feminino e infantil, salarios...) e político, destacando neste último o papel da conflictividade obreira na crise da Restauración.

-As principais formas de loita e organización e a súa evolución: ludismo, asociacionismo, internacionalismo, sindicalismo.

-O predominio do anarquismo e do socialismo como tendencias ideolóxicas do movemento obreiro en España, destacando e caracterizando á CNT e á UGT como principais organizacións.

## CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Dado que a proba consiste na composición dun texto, como criterio xeral de avaliación terase en conta a suxección ás pautas básicas que rexen a expresión escrita, esencialmente a precisión léxica, a corrección da sintaxe, a claridade na expresión e a coherencia na exposición das ideas.

En canto aos contidos concretos tratados na redacción, e referidos aos documentos presentados, deberían ser abordados os seguintes:

### OPCIÓN 1

-O conflito bélico en termos ideolóxicos, como loita antifascista ou anticomunista, segundo a percepción de cada bando. É pertinente aludir ás principais diferenzas políticas entre os contendentes en ámbitos significativos (relixioso, educativo, socioeconómico...) que xa marcaran a traxectoria da Segunda República e que acabarían conducindo á guerra.

-A internacionalización da Guerra Civil, incumprindo o compromiso de non intervención, que reflicte as respectivas sintonías ideolóxicas de republicanos e sublevados cos apoios estranxeiros cos que contaron, mencionando as súas características.

-A diferente evolución política das zonas republicana e “nacional”, insistindo nas disensións que marcaron a vida da España republicana (revolución/guerra) e o crecente protagonismo na mesma do PCE, así como

no proceso de construción na segunda dun réxime de partido único, militar e caudillista, que sentaría as bases para a instauración da ditadura franquista.

-As referencias á evolución estritamente bélica do conflito son pertinentes sempre que non se convirtan en principal fío argumental da composición e sexan válidas para ilustrar algúns aspectos abordados nos documentos (participación estranxeira, triunfo franquista...).

### OPCIÓN 2

-Caracterización dos documentos como a defensa do absolutismo (Doc.1), liberalismo (Doc. 2) e democracia (Doc. 3).

-Contextualización de cada documento no seu período correspondente: restauración absolutista á volta de Fernando VII trala guerra contra o francés (Doc. 1), moderantismo predominante durante o réxime isabelino (Doc. 2) e triunfo da *Gloriosa* que en setembro de 1868 inicia o Sexenio Democrático (Doc. 3).

-Distinción no relativo ao exercicio do poder político entre absolutismo (concentración do poder en mans do soberano, fundamentada nunha lexitimidade de orixe divina), liberalismo (exercicio da soberanía nacional a través de mecanismos de representación baseados no sufraxio restrinxido) e democracia (soberanía popular e sufraxio universal).